


Trompo
Furabolos



Concello da Coruña
Concellaría de Mocidade, Solidariedade
e Normalización Lingüística

Cofinancia:



Dep. Legat. C 1019-2010

O galego medra contigo!

Paula e as palabras que levou o vento

Palabra



vermello

porta

fragor

vento



O galego medra contigo!

Hai quen di que as palabras as leva o vento. O que algúns non saben é que as leva sempre dun corazón a outro a través dun bico, dunha aperta, dun segredo que visita caladiñamente o oído, dunha chiscadela de ollo que só ti comprendes, dun conto triste ou dunha canción.

E cando unha palabra nova nos acariña a pel pode darnos gana de rir, de brincar, de bailar, de xogar á pilla-pilla, de berrar, de chorar, de cantar ou abrir a boca coa sorpresa.

Por iso, por cada palabra que alguén non nos aprende ou deixamos que a leve o frío vento do nordés cando zoa, perdemos a palabra e tamén perdemos un bico, un alumiño, unha cantarela, unha lágoa, un sorriso, un soño, unha viaxe ou unha amizade.

Mamá aprendeu-me a apreciar a calor do **peito**, a catar o sabor do **leite**, a descifrar as cores irrepitibles das **bolboretas**, a atravesar as **rúas**, sempre viciante, nos **passos de peóns** e a vestir a **roupa** polo dereito.

Papá axúdame a construír **castelos de area** na praia do Orzán, a bailar o **trompo**, a programar o **lavalouzas**, a nomear as **estre-las** desde o telescopio nas noites de verán e a comer os espaguetes con **garfo** e **culler**.

A avoa píxcolles nome aos meus cinco dedos: o **pequeniño**, o **medianiño**, o **pai de todos**, o **furabolos** e o **excachapiollos** e o avó abalsume primeiro no **berce** e agora no **bambán** do parque. Co tío Manuel, xogo aos **birlos** e á **chave** na fin de semana e cántolle ao caracol que poña os cornos ao sol. Coa **curmá** Xoana, aprendo os nomes das vacas da casa da aldea (a Roxa, a Pinta e a Canela), das flores da **fraga** (as chorimas, os belitroques, as margaridas e as papoulas) e descifro a lingua do **moucho** cando fala polas noites.

Todos me axudan a nomear o mundo en que vivo. Coas súas palabras, que eu fago miñas en canto me acariñan a pel, aprendo algo novo todos os días. Sei que sempre hai unha palabra que está a agardar agochadiña para que eu a descubra.

E cando os meus me agasallan algunha palabra, eu correspondo lembrándolles algunha que xa lles roubou o frío vento do nordés ou hai tempo que non usan porque a esqueceron ou trocaron por outra aldea. E preséntolles o **mel** doce, a **estrada** perigosa e a **beirarrúa** protectora, o **luns** que abre a semana, o **amorote** vermello, o **reiseñor** melodioso, o **verme** de seda, o **rato** do **computador**, a **xoaniña** voadora, as **dedas** dos **pés**, as **luvas** para as mans e o **atlas** do mundo onde medran todas as palabras ao carón das galegas.

As **palabras** coas que a min me **agasallan** na **escola**.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES



Sábado 24 de abril

Centro Cívico do Castrillón

(praza de Pablo Iglesias, s/n)

17:00 h **Contacontos** Paula e as palabras que

levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Pablo Díaz: *Tic, tac*

Venres 7 de maio

Centro Cívico Veciñal San Pedro de Visma

(lugar de Entrecasas, s/n)

18:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a AA.VV. Loureiro de Visma

Sábado 8 de maio

Asociación de Veciños de Oza-Gaiteira-Os Castros

(rúa da Mercede, 56, baixo)

11:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a AA.VV. Oza-Gaiteira-Os Castros

Biblioteca Pública González Garcés

(rúa Miguel González Garcés, 1)

17:00 h **Contacontos** Paula e as palabras que

levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Mamá Cabra: *Patatín, patatán*

Xoves 13 de maio

11:00 h **Correlingua**

Carreira en prol do idioma galego por distintas rúas da cidade. Saída da Torre de Hércules

Venres 14 de maio

Asociación de Veciños de Bens, Mazaído, Comeanda e Gatón

19:00 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a AA.VV. de Bens, Mazaído, Comeanda e Gatón

Sábado 15 de maio

Centro Cívico de Palavea

(lugar de Palavea, s/n, Casa Rosada)

11:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a Asociación Recreativa, Cultural e Deportiva Palavea Bravú

Centro Cívico de Labañou

(perpendicular á rúa Colombia, s/n)

17:00 h **Contacontos**

Paula e as palabras que levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Almudena Janeiro: *Contos en cantos*

Parque de Santa Margarida

17:00 h **Torneo de chave**

O galego medra contigo!

18:00 h **Torneo de billarda**

O galego medra contigo!

21:00 h **Concerto das Letras:**

-Trapallada

-Fracasados de Antemano

-Obrint Pas

Luns 17 de maio

12:00 h **Manifestación en prol da lingua**

Alameda de Santiago de Compostela

Sábado 22 de maio

Arquivo do Antigo Reino de Galicia

(xardín de San Carlos, s/n)

11:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a AA.VV. Cidade Vella

Centro Social Sagrada Familia

(rúa Sagrada Familia, 26)

17:00 h **Contacontos**

Paula e as palabras que levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Mamá Cabra: *Ola, ola*

Sábado 29 de maio

Asociación Xuvenil Cultural Arestora

(2.ª Fase de Elviña, urbanización O Cruceiro)

11:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a Asociación Xuvenil Cultural Arestora

Centro Cívico de Novo Mesoiro

(rúa Os Ancares)

17:00 h **Contacontos**

Paula e as palabras que levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Pablo Díaz: *Tic, tac*

Sábado 5 de xuño

Asociación de Veciños da Agra do Orzán

(rúa Entrepensas, 38)

11:30 h **Obradoiro lúdico das palabras**

Colabora a AA.VV. Agra do Orzán

Campo de Marte

17:00 h **Contacontos** Paula e as palabras que levou o vento, a cargo de Bululú Teatro

17:30 h **Espectáculo musical infantil** de Almudena Janeiro: *Contos en cantos*

A seguir, propoñémosche unhas cantas actividades para que intentes facelas coa axuda da túa familia.

1. Co revoltallo de letras que hai no caderniño, seguro que podes construír centos de palabras. **Proba e verás!**
2. As palabras son imáns moi potentes e, cando nos poñemos a pensar, unhas tiran polas outras. Quen sería campión: mamá, papá, avoa... ou o/a máis peque da casa? Imos ver que outras palabras nos suxiren estas: **cereixas, paxaro, canapés, libro, domingo, bolboreta, moucho, fraga...**
3. Ás veces, eses imáns son tan poderosos que acaban por encadear unhas palabras noutras facendo idéntica a última sílaba da palabra e a primeira da seguinte. **Fíxate no exemplo e despois reta a un familiar teu a ver se o consegue: fraga-gato**
4. Que temos agochado nesta sopa de letras?

AMOROTE
TFGXFP
LEMREVL
AMOUCO
SOFRAGX



5. Anota no teu caderno persoal que agochan estas adiviñas (unha pista: refírense a palabras que aparecen no texto).

- a. Un pratiño de noces que pola noite se espallan e polo día se esconden.
- b. Alto ou baixo, deitado ou de pé, sempre está calado e non hai ninguén que fale mellor ca el. Quen é?

XOANIÑA

6. Escribe no caderno unha frase que che gustaría dicirlles hoxe ás seguintes persoas:

- a. O avó:
- b. A avoa:
- c. A mamá:
- d. O papá:
- e. A irmá:
- f. O irmán:
- g. O mellor amigo:
- h. A mellor amiga:
- i. A titora ou o titor:
- j. O/a profesor/a de música:
- k. O/a profesor/a de inglés:
- l. Os/as veciños/as do piso de arriba:

BOLBORETA



7. As palabras hérdanse. A familia é quen as regala porque son un tesouro que cómpre transmitir. Imos anotar no caderno todas as palabras galegas que vas herdando das persoas coas que fales durante un día, sobre todo aquelas que che parezan máis fermosas ou que descubras por primeira vez. **Despois, terás que aprendelas para as compartires coas túas amizades.**

8. Escolle cinco palabras das sinaladas no texto en letra vermella e **compón un pequeno conto.**



LUVAS

l

o

t

s

r

e

n

u

d

c

x

a

z

g

m

m

b

v

q

s

d

n

f

r

t

l

b

i

e

x

v

a

c

u

o

i

d

m

d

n

g f q n o

n r a i t

l b s e r

u d a d n

m v x g e

c i a i o

e u z q f

n u h o z